

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUADA DE FISCAIS "ESCOLA DE VERÁN DO MINISTERIO FISCAL", ENTRE A FISCALÍA XERAL DO ESTADO, O CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2022**

Esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar a colaboración entre a Fiscalía Xeral do Estado, o Centro de Estudos Xurídicos, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia nas actividades de formación e perfeccionamento para fiscais con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Antecedentes:** O 11 de xuño de 2003 subscribiuse un acordo marco para o desenvolvemento e sostemento da Escola de Verán do Ministerio Fiscal entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín e o Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza. O citado acordo tiña por obxecto articular a cooperación entre as entidades referidas para a realización da actividade denominada "Escola de Verán do Ministerio Fiscal", e así mesmo dotala dunhas características propias respecto das demais actividades de formación permanente e establecer un marco que asegurase a súa continuidade.



**Finalidade:** Para os efectos sinalados, vaise formalizar coa Fiscalía Xeral do Estado, coa Deputación Provincial da Coruña, e co Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza un convenio de colaboración por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o fin do ano 2022.

O presente convenio ten por obxecto desenvolver o contido concreto da colaboración anual entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia (a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo), a Deputación Provincial da Coruña e mais o Centro de Estudos Xurídicos co obxecto de levar a cabo o programa de formación continuada “Escola de Verán do Ministerio Fiscal”.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

O Consello Reitor da Escola de Verán do Ministerio Fiscal, previsto na cláusula cuarta do Acordo marco do 11 de xuño de 2003, apoiado pola Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado, pola Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola Deputación Provincial da Coruña e mais pola Dirección do Centro de Estudos Xurídicos, asumirá a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito deste convenio.

Estas partes procurarán manter mecanismos de coordinación co fin de evitar que se interfiran mutuamente as actividades programadas por cada unha delas non incluídas no marco do convenio.

A cantidade máxima da achega da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo será de doce mil cincocentos euros (12.500 €), con cargo á aplicación 05.22.131A.226.06 que consta na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con

Dirección Xeral de Xustiza  
R/ Madrid 2-4, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela



independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director xeral de xustiza

Juan José Martín Álvarez

